



## MODELO DE SOLICITUDE E DECLARACION RESPONSABLE PARA MONTAXE DE POSTOS E ATRACCIÓNS DE FEIRA FESTAS PATRONAIS DE CEDEIRA 2018

### DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos:	DNI/CIF:
Domicilio:	Localidade:
Teléfono:	eMail:

### DATOS DA ACTIVIDADE RECREATIVA

Denominación da actividade:	
Localización:	Ocupación (ancho x largo):
Precio tasado da ocupación:	

### DESIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADE TÉCNICA DA MONTAXE

O/A solicitante declara baixo a súa responsabilidade:

Que el/ela mesmo/a é a persoa encargada que asume a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.

Que designa a D./Dña. ...., con DNI/NIE/CIF: ....., como persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.

### COÑECEMENTO DE REQUISITOS LEGAIS E RESPONSABILIDADE

O/os solicitante/ s manifestan baixo a súa responsabilidade que:

Cumpren todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao devandito exercicio.

Dispón da póliza de Seguro de Responsabilidade Civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período de seguro en curso.

Coñecen e están ao tanto da normativa vixente pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cedeira, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asinado,  
O/A Solicitante

## REGLAS DE MONTAXE E INFORMACIÓN

1º.- Todas as atraccións e postos, con anterioridade o montaxe, deberán estar en posesión da documentación legal prevista, da documentación que acredite a titularidade e uso da atracción, estar en posesión e en vigor dos seguros obrigatorios e de responsabilidade civil, que leva dita actividade, ademais do cumprimento das demais disposicións legais que afecten á actividade realizada.

2º.- As atraccións e postos instalados observarán as normas hixiénico-sanitarias e de seguridade elementais que se deben cumprir en calquera concentración de persoas. Para ese efecto prohíbese realizar ningunha instalación de auga, electricidade, desaugadoiros, etc., sen consultar previamente cos responsables designados polo Concello para estes labores. As caravanas-vivenda teñen unha zona específica para a súa localización determinada polo Concello cos servizos básicos necesarios. Todas as instalacións de feira deberán contar co seu propio cadro eléctrico e boletín de enganche. Prohíbese a montaxe de postos que corten os accesos á feira, interseccións, cadros de electricidade municipal, chaves de paso de auga, bocas de incendio ou rega, e outras infraestruturas similares. Prohíbese o tendido de cables e elementos eléctricos a nivel do chan pola zona donde transite o público. O ancho mínimo de vía que debe quedar entre postos enfrontados é de 3 mt. A altura mínima de toldos, soportes e similares será de 2 mt. A altura mínima de cables que atravesen a vía será de 4 mt.

3º.- Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1º.-Fixación de horarios.

Os espectáculos e festas terminarán e os establecementos públicos poderán exercer a súa actividade, como máximo, ata as horas sinaladas que seguen a continuación: 2.9.2. Verbenas e festas populares: 3.30 h.

Artigo 2º.-Ampliación do horario máximo.

As noites que van de xoves a venres, de venres a sábado, de sábado a domingo e de domingo a luns, así como as noites anteriores aos festivos e a do festivo, estes horarios serán ampliados media hora.

Artigo 5º.-Competencia para horarios especiais.

5.1 Os delegados provinciais poderán autorizar ampliacións dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos nos artigos 1º e 2º, nos seguintes supostos: a) Festas locais, patronais, de Nadal e verbenas populares.

## DOCUMENTACION A PRESENTAR CON A PRESENTE SOLICITUDE

- Declaración Responsable asinada polo solicitante.
- Fotocopia do DNI do solicitante. CIF no caso de empresas.
- Documento municipal acreditativo de pago de taxas / precio público.
- Documento acreditativo de figurar de alta como empresa, autónomo, cooperativa, etc.
- Documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, de persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación, e fotocopia do seu DNI/CIF.
- O marcaxe CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características.
- Certificado de instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
- Copia da póliza do Seguro de Responsabilidade Civil obrigatorio correspondente ás instalacións e estruturas non permanentes desmontables, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período de seguro en curso.

Capitais mínimos das pólizas de seguro de espectáculos públicos e actividades recreativas. Os capitais mínimos que deberán cubrir, no seu conxunto, as pólizas de seguro esixidas no mesmo terán as seguintes contías, en atención ao aforamento:

4. En caso de instalacións ou estruturas eventuais portátiles ou desmontables que se utilicen con ocasión de feiras ou atraccións en espazos abertos ao público onde o seu aforamento sexa indeterminado o capital mínimo asegurado será de 150.000 euros por cada instalación ou estrutura, quedando obrigada a persoa propietaria ou arrendataria da instalación para contratar a póliza de seguro.